

1. Denominación do curso (nome do expediente): Operador/a de carretillas e plataformas elevadoras-PEMP (con certificación UNE)
2. Contidos:
 - Operador/a carretilla elevadora UNE 58451:2016 (23 horas)
 - Operador/a plataformas elevadoras móbiles de persoal (PEMP) UNE 58923:2014 (12 horas)
 - Aumento das horas prácticas (10 + 10 horas)
 - Módulos de Igualdade entre homes e mulleres (10 horas) e Orientación para a empregabilidade (10 horas) e tres charlas con persoal experto.
3. Horas totais do curso: 75 (35 horas certificación + 20 horas prácticas a maiores + 20 horas de módulos adicionais)
4. Lugares de Celebración: No centro municipal de formación IRMÁS FROILAZ, na Gándara
5. Datas previstas do curso: Do 16 de xullo ao 12 de agosto de 2020.
6. Horario previsto: De 15:45 a 19:45 horas, de luns a venres.
7. Nº de prazas: 12.

O concello resérvase a posibilidade de anular este curso, no caso de que non se cubra o 60% da participación prevista.

Reservarase un 20% das prazas para derivación do Servizo Sociocomunitario, que de non cubrirse pasan a engrosar o ordinario.

8. Requisitos xerais do alumnado: Maior de 18 anos, desempregado e empadroadado no Concello de Narón, e non ter concedido outro curso do programa municipal de formación coincidente temporalmente na realización. O requisito de idade ten que cumprirse o día de inicio do curso. O empadramento verifícase polo Concello o último día de prazo de presentación de solicitudes. O requisito de desempregado acreditarase o día de inicio do curso, coa tarxeta de desemprego actualizada. É RECOMENDABLE para o bo aproveitamento do curso, dispor de carné de conducir e non sufrir de vértigo.
 9. Lugar de presentación das solicitudes: Rexistro Xeral do Concello de Narón, **que se entregarán no 1º andar do concello, entrada pola Praza de Galicia**, Sede Electrónica, e polos restantes medios contemplados no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.
 10. Prazo de presentación das solicitudes: Desde o 2 de xullo, ás 8:30 horas ata o 9 de xullo de 2020, ás 13:00 horas.
- A presentación de solicitudes faranse no primeiro andar do concello, entrada pola Praza de Galicia, dentro do horario do Rexistro Xeral (8:30 - 13:00 horas).
11. Selección do alumnado Por rigorosa orde de inscrición no rexistro. Reservarase o 20% das prazas para derivación do Servizo Sociocomunitario, que de non cubrirse pasan a engrosar o ordinario por orde de inscrición. Poderanse admitir solicitudes fóra de prazo, sempre que existan prazas vacantes.
 12. Unidade Tramitadora: Servizo Sociocomunitario.

Para máis información, na sección de Servizos, Formación e Actividades Municipais da páxina web do Concello ou contactar co Servizo Sociocomunitario, teléfono 981.33.77.00, extensión 1108 e 1109.

13. Observacións: Publicarase na sede electrónica o listado provisional de persoas admitidas, suplentes e excluídas. O alumnado seleccionado será informado telefonicamente da súa admisión, para a confirmación da praza. No caso de non ser localizado telefonicamente despois de realizar catro chamadas en horarios diferentes en dous días consecutivos, será excluído e non figurará na listaxe definitiva. O prazo de reclamacións contra o listado provisional será de 24 horas dende a súa publicación na sede electrónica, e deberán efectuarse a través de instancia xenérica nos lugares sinalados para a presentación de solicitudes. Coa publicación da listaxe definitiva na sede electrónica se entenderán resoltas todas as reclamacións.

O alumnado terá que comprometerse a cumprir as normas do curso. É obrigatorio o uso de máscaras cirúrxicas ou hixiénicas e cumprir coas medidas hixiénicas e de seguridade recomendadas.

As persoas admitidas no curso terán que entregar o día de inicio do curso (no Centro Municipal de Formación) o DNI e a tarxeta actualizada como demandante de emprego. De non acreditarse o cumprimento dos requisitos esixidos causarán baixa no curso.